

El secreto de If




Ana Alonso e Javier Pelegrin. *Premio Barco de vapor 2008*


O verdadeiro segredo do reino de If non reside no seu labeiríntica torre invisible ni nas súas criaturas máxicas, senón nunha forza moito máis poderosa que non se pode tocar e que está dentro de cada un de nos.

O asasinato do profesor de matemáticas

Jordi Sierra i Fabra



Unha trepidante trama de intriga serve de escusa para que o autor ensínenos unha boa forma de facer aprender as matemáticas: presentándoas como un xogo fácilmente resoluble mediante unha mente aberta, un pouco de intelixencia e moito enxeño.



O Señor dos Ladróns Cornelia Funke

Fuxindo da súa tía, que tenta separalos, Próspero e Bonifacio chegan até a marabillosa Venecia, onde atopan acubillo nunha banda xuvenil liderada polo misterioso Señor dos Ladróns. O detective Victor está sobre a súa pista. Un enigmático encargo levará aos nenos a unha illa da lagoa, que alberga un misterio.....



A Biblioteca Pino Manso deséxavos unhas

Felices Festas

www.bibliotecapinomanso.blogspot.com

Guía de Nadal 2008

Biblioteca Pino Manso



A estrela dos regalos?

Un bo libro

Lecturas recomendadas para o primeiro ciclo de ESO

Mergúllache nun mundo onde os soños se fan realidade:



O neno do pixama a raias.

John Boyne.


¿Quen non coñece a estas alturas este libro?. Para aqueles que aínda non o leron, o Nadal é un momento estupendo para facelo. O máis demandado durante este primeiro trimestre na biblioteca escolar.

lar.

O carteiro de Bagdad.

Marcos S. Calveiro

Estamos en Bagdad, a cidade atravesada polo Tigris, a que aparece nos contos das mil e unha noites, a que hoxe resiste baixo as bombas, entre o fogo cruzado. A xente vive esculcando o ceo, as escolas pecharon e os cativos xa que non xogan na rúa. Alleo a todo, Ibrahim reparte o correo na súa motocicleta. Leva no peto unha misteriosa carta que está decidido a entregar custe o que custe



Brisinger. O Legado III.

Terceira entrega da saga O Legado, de Christopher Paolini. ¿Poderá Eragon salvar o reino de Alagaësia?

A historia interminable

Michael Ende.



A Emperatriz de Fantasía está mortalmente enferma e o seu reino corre un grave perigo. A salvación depende de Atreyu, un valente guerreiro da tribu das peles verdes, e Bastián, un neno tímido que le con paixón un libro máxico. Unha das grandes creacións da literatura de todos os tempos.

Os seis signos da luz.

Susan Cooper.

O día do seu aniversario Will recibe unha noticia moi especial: é o último sobrevivente dunha longa serie de guerreiros, que ao longo da historia combateron contra as forzas do mal. Cunha recentemente descuberta capacidade para viaxar polo tempo, Will terá que atopar os seis signos da Luz que no seu día axudaron aos seus na eterna loita contra as Tebras. A conta atrás xa empezou. Só quedan doce días...



A illa do tesouro.

Robert Louis Stevenson. Ilustrador: François Roca.

Todo un clásico da literatura xuvenil, cun coidado deseño e precisas ilustracións.



E para os pais:


La magia de leer

Jose Antonio Marina y María de la Válgoma



El mejor de los mundos

Quim Monzó



Los hombres que no amaban a las mujeres.

Stieg Larsson



Los girasoles ciegos.

Alberto Méndez.

